

Ás 17:00 horas do día 15 de febreiro do 2012 réunese na Casa do Concello de Lugo o xurado encargado de discernir e outorgar os premios da XIV edición do Certame de Narración Curta “Ánxel Fole”, convocatoria correspondente ao ano 2011, composto polas seguintes persoas, muller e homes de letras de recoñecida traxectoria:

D^a María do Pilar Campo Domínguez, coñecida como Marica Campo
D. Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
D. Antonio Reigosa Carreiras

Actúa como presidente, con voz e sen voto, o señor Concelleiro de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua D. Antón Bao Abelleira, e como secretario encargado de labrar a acta o Coordinador de Publicacións do Concello de Lugo D. Darío Xohán Cabana Yanes.

Unha vez producidas as correspondentes deliberacións e votacións, o xurado acordou por asentimento unánime outorgar os tres premios previstos polas bases da convocatoria, que unha vez abertas as plicas resultaron corresponder a:

1º Premio, dotado con 1.500 euros, a D^a Luz María Darriba Magadán, domiciliada en Bruxelas (Bélxica), polo relato titulado “Monstros”.

2º Premio, dotado con 1.000 euros, a D^a Mercedes Leobalde García, domiciliada en Carral (A Coruña), polo relato titulado “Fáltasme”.

3º Premio, dotado con 500 euros, a D^a Ana María Galego Gen, domiciliada en Ferrol (A Coruña), polo relato titulado “Neiges d’antan”.

En confirmación do devandito, sendo as 17:45 horas asinan a presente acta na data e lugar arriba indicados, os membros deliberantes do xurado, e a continuación deles o Presidente e mais eu, Secretario, que dou fe.

M^a do Pilar Campo Domínguez

Xoán R. Cuba Rodríguez

Antonio Reigosa Carreiras

Antón Bao Abelleira

Darío Xohán Cabana Yanes